



CONCELLO DE SANTIAGO

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 28 DE MAIO DE 2012

LICENZAS

EDIFICACIÓN.-

LIC/1785/2011 E LAP/304/2011.- JORGE MIGUEZ PRADO.- Conceder licenza para ampliación e regularización da estabulación libre extensiva de vacas leiteiras en Casas de Arriba, 3, Cesar.

LIC/1383/2011.- MARIA CARMEN DIAZ OTERO.- Conceder a licenza de obras para rehabilitación de vivenda na rúa de Ponte do Sar, 25.

LIC/139/2012.- VERONICA SABEL AMBRUÑEIRAS.- Conceder a licenza de obras para rehabilitación de vivenda unifamiliar no lugar de Bál soma, 29.

LIC/1915/2011.- JESUS MALLO CASTRO.- Conceder a licenza de obras para ampliación de planta baixa en vivenda unifamiliar no lugar de Bornais, 9.

LIC/87/2012.- JOSE OTERO SABEL.- Conceder a licenza de obras para construcción de alpendre no lugar de Estación de Verdía, 32A.

OUTRAS OBRAS

LIC/567/2012.- PAULA BREA BOTANA.- Conceder a licenza de obras para remodelación interiro de dúas vivendas na rúa de Gómez Ulla, 8.

LIC/1154/2011.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS.- Conceder a licenza de obras para instalación de ascensor e reparación de fachadas e cuberta na rúa de Santa Uxía de Ribeira, 2.

LIC/2289/2009.- INMOBILIARIA PAXONAL, SL.- Modificación da licenza de obras para construír un edificio de 5 vivendas na rúa de Monte do Seixo, 7.

LIC/2065/2010.- ISABEL MOSQUERA TABOADA.- Modificación da licenza de obras para construír unha vivenda unifamiliar illada no lugar de Porto, Conxo.

PARCELACIONES

LIC/1158/2011.- GENEROSA PORTO GONZÁLEZ.- Conceder a licenza de parcelación no lugar da Coba en Santiago de Compostela.(+)

LIC/529/2012.- ISOLINO GARCÍA CEBRO.- Conceder a licenza de parcelación no lugar da Peregrina en Santiago de Compostela. (+)

LIC/1836/2011.- MIGUEL MATA BOO.- Conceder a licenza de parcelación no lugar Silvouta en Santiago de Compostela (+)

CADUCIDADES

LIC/329/2008.- FRAPAPE, SL.- Declarar a caducidade da licenza para obras de consturcción dun edificio e apertura do uso residencial comunitario para 20 vivendas e 8 unidades de residencial comunitario, locais comerciais e aparcadoiros nas parcelas M-11 A1 e M-12 A2 do SUP-6 de Santa Marta e devolución da fianza prestada por importe de 12.000 euros.

PRÓRROGAS

LIC/2335/2011.- JOSE MARIA GONZALEZ PUMAR.- Conceder prórroga da licenza de obras concedida na Xunta de Goberno Local do 19/04/2011 para rehabilitación de dúas vivendas e rochos na planta 1^a, 2^a e baixo cuberta da Avda. de Raxoi, 2.

LIC/769/2012.- GRUPO PEON DE PARDACES, SL.- Conceder prórroga da licenza de obras concedida na Xunta de Goberno Local do 10/10/2011 para rehabilitación e apertura dunha casa de turismo rural en Pardaces de Arriba, 4.

CORRECCIÓN DE ERRO

LIC/1742/2011.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS. Corrixir erro detectado na licenza outorgada na Xunta de Goberno Local do 23 de abril de 2012.

LIC/2625/2010.- MANUEL LÓPEZ REY. Corrixir erro detectado na licenza outorgada na Xunta de Goberno Local do 07 de setembro de 2011.

DEVOLUCIONES DE FIANZA.-

LIC/755/2012.- LAURA BELLO BOUZAS.- ... LIC/1762/2007 6.000 €.

4.- Proposta da Alcaldía relativa á designación da concelleira dona Rebeca Domínguez Iglesias como representante do Concello no Consello Social da USC e na Comisión de Escolarización.

Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Tráfico relativa á aprobación das normas que rexerán a celebración das cacharelas da noite de San Xoán en espazos públicos e privados.

Cacharelas en espazos públicos e privados

- As persoas, organizacións e comunidades que desexen realizar unha cacharela na súa zona de residencia deberán presentar a solicitude correspondente no Rexistro Xeral do Concello antes das 14:00 horas do 15 de xuño, sinalando o nome, enderezo, teléfono e fotocopia do D.N.I. dos responsables da organización ou comunidade, así como todos os datos que constan no modelo de solicitude. As persoas responsables teñen que ser maiores de idade.
- A solicitude debe ir acompañada de un plano de situación do espazo público (no privado non se necesita plano) no que se vai a situar a cacharela, así como da situación de todos os elementos, que ademais da cacharela se coloquen no espazo autorizado.
- As/los organizadores deberán coidar os arredores e coñecer o número de teléfono dos Bombeiros (080).
- Zona urbana: O volume do combustible da cacharela non sobrepasará os 6 metros de perímetro, nin un metro de altura.
- Rural: O volume do combustible da cacharela non sobrepasará os 3 metros de perímetro/diámetro nin 3 metros de altura.
- A separación entre as cacharelas e os edificios e árbores serán como mínimo de 12 metros, excepto no casco urbano.
- Porase especial coidado de non situálas baixo tendidos eléctricos ou telefónicos, así como que nos arredores non exista ningún local no que se almacene produtos inflamables.
- Prohibese a queima de pneumáticos, plásticos, escumas de poliuretano, aceites, e en xeral de calquera substancia que ao arder desprinda fume tóxico.
- En ningún caso se botarán ao lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays), aínda que estean baleiros.
- No suposto de que a cacharela se faga sobre terreos de uso público enlousados, os organizadores encargaranse, pola súa conta, de protexer o pavimento cunha capa de area de 10 cm.
- Prohibese a colocación e exhibición de pancartas que non estean expresamente autorizadas.
- A hora límite para rematar a celebración é as 03:30 horas da madrugada, de acordo co horario establecido no Decreto da Xunta de Galicia, para a celebración de festas e romaría populares.
- Ao finalizar a cacharela e antes de abandonar o lugar da mesma, os responsables da organización coidarán de que as cinzas queden totalmente apagadas.
- Será obligatoria a limpeza do espazo autorizado ao remate da actividade, incluídos os elementos utilizados para o desenvolvemento do mesmo, inmediatamente despois de rematada a cacharela e/ou sardiñada.

6.- Proposta da concelleira delegada de Mercados relativa á autorización da permuta das casetas da Praza de Abastos NC136 e NC121.

Autorízase a permuta.

7.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á desafectación dunha vivenda do programa de acollemento temporal en vivendas municipais e autorización de uso gratuito, en precario, do piso planta baixa, letra E da rúa Roma nº5, a favor de

Cáritas Interparroquial, que depende da Diocesana de Santiago de Compostela, para o desenvolvimento do programa “Abeiro”.

Apróbase a desafectación da devandita vivenda.

8.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á aprobación da actividade Bule-proxecto de exercicio físico e psicosocial para persoas con enfermidades crónicas e familiares.

Aprobouse a actividade Bule-Proxecto por un importe de 1.000 € para o ano 2012 e outra cantidade igual para o 2013.

9.- Proposta da Alcaldía relativa á aprobación dos pregos de cláusulas administrativas e técnicas e inicio do expediente de contratación do servizo da escola municipal de verán de inglés “English Summer School” .

A XGL aprobou os pregos para a contratación do Servizo de Escola Municipal de Verán de inglés “English Summer School” por un importe de 37.999,54 €.

10.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á adxudicación do servizo de implementación do programa municipal de intervención sociocomunitaria.

Adxudicouse á IGAXES3 o contrato para a xestión do Servizo de implementación municipal de intervención sociocomunitaria por un importe de 7.495,20 €/mes.

11.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á aprobación do texto do convenio de colaboración en materia de formación entre a Academia Galega de Seguridade Pública e o Concello de Santiago.

Apróbase o texto do devandito convenio.

12.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais e Festas relativa á participación do Concello de Santiago na programación da rede cultural da Deputación da Coruña para 2012, así como a solicitude de subvención.

Apróbase a participación na rede cultural da Deputación da Coruña para o ano 2012 que inclúe os Programas:

- De música e tatro para grupos non profesionais.
- Programa de teatro e títeres para compañías profesionais.
- Ciclo de música para intérpretes profesionais.
- Programa para compañías de danza e outras actividades.

O Concello pretende incluir moitas actuacións e actividades nestes Programas por un importe de 31.416,61 € (entre a partida de CSC e a de Festas), dos cales 12.566,64 € corresponderían á achega da Deputación.

13.- Dar conta do cambio na forma xurídica dunha empresa.

Dáse conta do cambio.

14.- Dar conta da corrección dun erro producido no punto nº 87 da sesión de 16 de abril de 2012.

Dáse conta da corrección.